

# Carboeiro escolar

Revista IX - Xuño 2023



CEIP Plurilingüe  
do Camiño Inglés

# CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés



Av. Álvaro Cunqueiro s/n  
15888 Sigüeiro-Oroso



ceip.caminho.ingles@edu.xunta.es



shorturl.at/zBGZ8



shorturl.at/uyDNT



instagram.com/ceipdocaminhoingles



twitter.com/caminhoingles



881 996 180

Revista Escolar  
**CARBOEIRO ESCOLAR**  
Revista Nº IX- Xuño 2023  
EXEMPLAR GRATUITO

Financia: EDLG  
Coordinación: EDLG  
Imprime: Tórculo

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

## EDITORIAL


A nosa revista "**Carboeiro Escolar**" chega á súa novena edición. Convertida nunha publicación onde refrescar a memoria co moito acontecido ao logo do curso e no que teña cabida toda a comunidade. A mesma escola, tan esencial nas nosas vidas, foi a protagonista de moitos dos traballos que centraron este período. Queríamos saber máis sobre a súa importancia social e cultural, concienciamos do papel da educación na nosa comunidade e, de camiño, reflexionar sobre o noso colexio e achegar un pouco máis, os seus espazos, a aquilo que soñamos. Por isto, denominamos ao proxecto común, "**Proxecto Schola**".

E investigamos de moitas maneiras, co entroido, na semana de teatro, nos xornais, nas entrevistas, preparando a exposición, nos obradoiros e en moitas das actividades de aula, de setembro a xuño. Pódense ver variados exemplos nesta revista.

Pero non só falamos das nosas escolas, senón que visitamos escolas finesas, italianas e galegas; recibimos visitas e tivemos unha auxiliar que nos achegou a súa cultura.

Pero houbo máis cousas, porque estreamos o concepto de "**Escola Maina**" e melloramos as nosas asembleas. Comezamos cun novo horario e traballamos mezclados/as en obradoiros. Recibimos material novo que haberá que aprender a utilizar. Entre outras novidades.

E ante todo, convivimos, aprendemos cousas novas, emocionámonos, fixemos novas amizades e superamos dificultades. Que goceades dunha boa lectura!



## ÍNDICE

3

O MAGOSTO  
O NADAL

4

A CANDELORIA

5

O ENTROIDO

6

SEMANA DO TEATRO

8

PROXECTO SCHOLA  
DÍA DE ROSALÍA

9

ASAMBLEAS

10

BIBLIOTECA

12

ANPA

13

ERASMUS +

14

PROPOSTA FÍSICO DEPORTIVA

15

AS NOSAS LETRAS

16

ECOTROPA

17

RADIO Û

18

HORTO

19

ORLAS

# O MAGOSTO

O 28 de outubro conmemoramos o MAGOSTO.

Tivemos o tradicional concurso de peóns e, o máis emocionante, a IX edición da CARREIRA POPULAR. Este ano contamos coa participación e colaboración de *Manuel García Gendre*. Despois, e para recuperar forzas, degustamos unhas ricas castañas para rematar a xornada coa entrega de premios.

Foi un día moi divertido e estamos desexando que chegue a do próximo curso, que promete ser espectacular.



# O NADAL

A Celebración do Nadal no *CEIP PLURILINGUE DO CAMIÑO INGLÉS* como todos os anos foi un éxito.

Como ben sendo costume: decoramos o cole, debuxamos postais, escribimos cartas o Paxe Real (que nos visitou no colexio), fixemos galanos con material de refugallo.

Rematamos como é tradición, facendo unha gran festa de benvida ao ano novo, con simulación das doce badaladas e unha gran festa onde non faltou: a música, ó baile e unha boa chocolatada.



# A CANDELORIA



O 2 de febreiro celebramos no cole o día da Candeloria, que según o dito popular “*a metade do inverno vai fóra*”. Para conmemoralo, convócase o **VII CERTAME DE CARTAS E POEMAS**

O día 10 do mesmo mes, entregáronse os premios aos gañadores de cada aula e os gañadores foron:

E.I. “A” **LIAM RODRÍGUEZ GARCÍA**

E.I. “B” **PAULA GARCÍA BREA**

E.I. “C” **LUCAS CASTRO RAMA**

E.I. “D” **MATÍAS PARAFITA TELLA**

1º E. P. **SALIOU NDIOUR SERIGNE**

2º E. P. **ISAAC CHAO SALGUEIRO**

3º E. P. **CHRISTIAN NOYA MELLA**

4º “A” E. P. **CHANEL PENAS GARCÍA**

4º “B” E. P. **NAIA SALGUEIRO PENAS**

5º “A” E. P. **SABELA BALUJA VÁZQUEZ**

5º “B” E. P. **LUCÍA PAZOS MARTÍNEZ**

6º “A” E. P. **MAURO ÁVILA CASTRO**

6º “B” E. P. **ADRIANA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**

## VII CERTAME DE CARTAS DE AMOR

CEIP Plurilingüe  
do Camiño Inglés



“Polo Candeloria ningunha ave voa sou”

OS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA E DA BIBLIOTECA DO CEIP PLURILINGÜE DO CAMIÑO INGLÉS CONVOCAN O VII CERTAME DE CARTAS DE AMOR.

**DE AMOR** que este ano irá adicado a persoas moi especiais: mestres, compañeiros, mestras... ademáis de a calquera outro aspecto vinculado co noso proxecto SCHOLA (recreo, recordos, ...).



Neste curso o Entroido coincidiu a mediados de febreiro, e no cole celebrámolo a semana do 17 de febreiro. Durante esa semana fomos quentando a gran festa final cuns mandados. Coma sempre todo tiña que ver co proxecto do ano escolar, polo que esta vez non ía ser diferente, así que todo o que fixemos tivo que ver coa “Schola”.

Comezamos cos mandados:

Deste xeito o cole foise



xuntamos na pista cuberta e retomamos unha vella tradición: o pasarrúas, cancelado nas edicións anteriores por mor da pandemia.

Desfilamos polas rúas de Sigüeiro e chegamos á Alameda de Gois onde nos xuntamos co CRA de Oroso e o CEIP plurilingüe de Sigüeiro. Ali tivemos a ocasión de ver todos os disfraces que se xuntaron en Sigüeiro, cun gran desfile.

Ao rematar, camiñamos ata o paseo do Carboeiro, onde nos agardaban as tradicionais rosquillas, así como algún outro doce.



ambientando, para a gran festa do día 17. Ese día tanto os rapaces e rapazas coma os e as profes do cole viñeron de: libros, gomas, lapis, bolígrafos, sacapuntas, rotuladores, marcadores fluorescentes, ceras, mapas, calculadoras, pizarras, axendas, tesoiras, alumnos/as, profes,... Nos



# SEMANA DO TEATRO

**Celebrouse a VII edición da Semana Solidaria do Teatro!**

Os alumnos e alumnas do centro, en colaboración cos seus titores e titoras, interpretaron diversos personaxes na **sétima Semana Solidaria do teatro** ante un público conformado por toda a comunidade educativa. As representacións estaban relacionadas co **Proxecto SCHOLA** que se está a desenvolver no centro durante este curso académico.

Ao longo da semana do 27 ao 31 de marzo o alumnado, familias e profesorado desfrutaron das

marabillosas representacións e foron espectadores do esforzo e do traballo previo.

A entrada era gratuíta, existindo a posibilidade de colaborar coa organización sen ánimo de lucro **Sahebbi** que ten por compromiso a causa do Sahara Occidental. Parte dos 450€ que se obtiveron xa están invertidos: 3 ventiladores, arroz, aceite e azucre, mellorando porén a situación que viven na cidade de Smara.

Grazas a todos/as por colaborar, vémonos na oitava edición.





# PROXECTO SCHOLA



Durante este curso, estivemos traballando no que chamamos "**Proxecto Schola**". Queriamos saber algo máis sobre a importancia da educación nas nosas vidas, especialmente das escolas que nos arrodean. Ademais pretendiamos poñer en valor a importancia da cultura e o saber para as persoas e como se fixo e se fai a súa transmisión. Isto entre outras cousas supón

coñecer mellor a contorna na que vivimos.

Entre outras actividades, no **Espazo Pendeloque**, preparamos unha exposición con material prestado por familiares e docentes que nos achegan como eran as escolas no noso pasado máis recente, a **ExpoSchola**. Tamén investigamos sobre escolas

doutros lugares do planeta, sobre a historia das escolas do noso concello, contos das escolas, persoeiros, organización, etc.

Por último, invitamos a todo o alumnado do centro e a todas as persoas que quixeron visitala. Foi inaugurada polo **Conselleiro de Educación** con motivo do **Día Mundial dos Museos**.

## Investigando sobre a importancia das escolas

👉 Noé Diez, Abel Beza e Lucas Rodríguez; de 5º de EP do CEIP do Camiño Inglés (Oroso).

A comunidade do CEIP do Camiño Inglés dedica este curso a saber máis sobre a educación e, en particular, a transformar os espazos do seu colexio. «Traballamos moitas cousas no Proxecto Schola, tantas que acabaremos cunha exposición de cinco estrelas», afirmou Noé, alumno do centro. Preténdese reflexionar sobre o papel das escolas na nosa sociedade e de paso, intentar mellorar a nosa para que se achegue á escola dos nosos soños. Estamos investigando sobre como son as escolas noutros lugares, cal é a orixe destas institucións e como pensamos que será o seu futuro.

Entre outras actividades, estase a conformar unha exposición con libros de texto e obxectos escolares antigos. Tamén se está recopilando información sobre as escolas do Concello de Oroso, as que están en funcionamento e as que non. Para isto, solicitan axuda.

Como di Lucas, estudante: «Como os alumnos e profesores nos somos quen de xuntar unha cantidade importante de cousas sobre o cole, precisamos a vosa axuda. Así que revisade nas casas se tedes a vosa disposición obxectos e fotos de cando erades pequenos e estudadades. Aceptamos libros ou material escolar en xeral. Prométemos devolver todo en perfecto estado cando remate este curso escolar. Se queres facer a túa pequena adrega, contacta co noso centro.»

Tamén están gravando historias da escola. Como afirma Abril, de 5º de EP: «Sentiame moi emocionada contando pola radio unha historia un pouco triste e divertida que me aconteceu un día no cole... Escríbete tamén pequenos relatos doutros compañeiros: historias que atopaban o seu sitio no diano do comedor, dedos pillados en portas, pantalóns mollados... Paseino moi ben traballando entre risas cos nosos profes e antigos».

O nome escola deriva do grego *scholē* e do latín *schola*, que se utilizaban para referirse ao que se fai no tempo libre e, máis concretamente, o que paga a pena facerse. Niso están traballando para que ao final de curso a súa escola sexa un lugar no que dea gusto estar e aprender.



## DÍA DE ROSALÍA

O 24 de febreiro deste ano 2023 celebramos o **Día de Rosalía**. Este ano cumpríronse 186 anos do nacemento da autora de **Cantares Gallegos** ou **Follas Novas**. Cun acto moi emotivo, na escola conmemoramos o día de Rosalía de Castro para recordar a gran importancia da escritora para a nosa lingua e cultura. O alumnado de infantil e primaria reuniuse na

entrada da escola para escoitar falar á mesma Rosalía: a mestra Iria caracterizouse tan ben que semellaba ser a propia autora! Despois de falarnos da importancia da lingua, recitounos un fermoso poema. E xa para rematar, as nenas da asociación **Lembranzas do Tambre** agasalláronnos cunha excelente mostra de música tradicional. Sen dúbida, foi un día para o recordo.





# ASAMBLEAS: UN ESPAZO DEMOCRÁTICO



Como xa vén sendo tradición no noso centro, un venres ao mes aproximadamente, celebráronse asembleas, onde todo o alumnado e profesorado do centro se reuniu para analizar certos aspectos do colexio e realizar propostas de mellora.

Ademais, nas asembleas tamén se deu benvida ás novas incorporacións á nosa comunidade educativa, celebráronse debates sobre diversos temas, realizáronse entregas de premios aos diferentes certames e compartíronse experiencias interculturais, como a visita dalgunhas mestras do centro a un colexio finés ou a explicación de **Sonali**, a nosa auxiliar de conversa, sobre como se celebra o Nadal na India, o seu país de orixe.

Os convicompis (alumnado de 5º e 6º) contribuíron ao bo desenvolvemento destas xuntanzas, tentando manter



orde e favorecendo unha actitude de respecto e escoita hacia as compañeiras e compañeiros. Precisamente, un dos lemas deste curso foi “Escola maina”, co obxectivo de crear entre todas e todos un ambiente menos ruidoso e máis ordenado.

Algunhas das propostas e acordos tomados nas asembleas deste curso foron:

- *Celebrar un partido de fútbol entre alumnado e profesorado.*
- *Outorgar un premio ás aulas que contribúan a un ambiente maino.*
- *Mellorar a comida do comedor.*
- *Intentar acabar cos comentarios e actitudes sexistas.*
- *Limitar o espazo do patio adicado a xogar ao fútbol.*

O obxectivo principal da Biblioteca durante este curso, foi facilitar a accesibilidade a todos os usuarios. Para iso organizáronse os libros por editoriais e colocáronse pictogramas por todo o espazo.

O alumnado colaborador apoiou ao Equipo de Biblioteca nas tarefas de catalogación e etiquetado de libros e tamén a facer un bo uso da mesma durante os recreos.

Bibliotecas escolares de Galicia



Outro curso máis a Biblioteca proporcionou a cada aula as mochilas viaxeiras con libros de diferente estilo e temática e organizou o certame de "Relatos, descrições e ilustracións de medo".



# BIBLIOTECA

GANADORAS


GANADORES

CONCURSO

Tamén colaborou durante o curso co Equipo de Dinamización da Lingua Galega en diferentes tipos de actividades, como o Certame de Entrevistas Radiofónicas ou Concurso de Cartas de Amor da Candeloria.

RELATOS...

DESCRICIÓNS...



Por outro lado, levouse a cabo o club de lectura con alumnado que contou cunha gran asistencia, especialmente de quinto de primaria. Compartíronse varias lecturas e fixéronse reunións o último mércores de cada mes.



ACTIVIDADES PARA A ASISTENCIA CONXUNTA DE NENOS/AS E ADULTOS

## Lectura e Familias

- 28/02 YOLANDA CASTAÑO  
Contacontos en verso
- 21/03 CHARO PITA  
Abrazar coas palabras
- 11/04 PAULA CARBALLEIRA  
Que conto contamos?
- 10/05 MARÍA TORRES  
A narración desde o teatro de movemento

CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés

17 H

PARA ASISTIR A CADA ACTIVIDADE É PRECISA A INSCRICIÓN PREVIA NA WEB

Por último, debemos destacar a actividade “Lectura e Familias” que tivo lugar polas tardes. Catro sesións para compartir lecturas entre nenos/as e maiores que tivo invitadas de excepción.



Queridas familias, rematamos outro curso (que rápido pasa o tempo), cheo de novas actividades e experiencias para o alumnado e as familias.

Este curso xa foi un curso “normal” no que os nenos e nenas participaron activamente nas actividades extraescolares propostas: *aikido, natación e robótica* (coas que xa contabamos en anos anteriores) e de dúas actividades novas: *baile/canto/pandeireta e teatro*, que gozou dunha grande aceptación e tivo moi boa acollida. Ademais continuamos prestando o servizo de cambio de roupa para os máis pequenos, que nos parece moi importante e necesario.

Seguimos colaborando co colexio nas actividades que nos propuxeron tanto a nivel de voluntarios/as para botar una man, como economicamente, facéndonos cargo dalgúns gastos, en actividades como: *a Carreira do magosto, entroido, bocata xigante...* e seguiremolo facendo nas que se organicen

no que nos queda de curso e en anos vindeiros para poder ofrecer ás familias os mellores resultados e un programa de actividades completo e ben organizado.

Como cada ano, formamos parte do **Consello Escolar**, tramitamos distintas axudas públicas coas diferentes administración (Deputación da Coruña, Xunta de Galicia, Concello de Oroso) para conseguir financiación para actividades e material de cara aproveitamento do alumnado e intervimos como mediadores entre as familias e o centro e as administracións intentando dar resposta e solventar os problemas que poidan xurdir ao longo do curso.

Priorizamos a atención á diversidade e a inclusión de todo o alumnado, procurando mediar ao favor da consecución da total integración de todas as persoas e organizando actividades como a formación levada a cabo o curso pasado para familias de trastorno de déficit de atención e as que se celebran este mes de maio de **TDAH** novamente coa **Fundación INGADA** e con **ASPERGA** sobre o **Trastorno do Espectro do Autismo**.

O curso pasado organizamos una excursión de primavera á **Granza escola Bergando** de Negreira e este ano ao centro de turismo ecuestre **O Ventoso** de Laracha. Nestas xornadas,

as familias gozan de actividades ao aire libre e foméntase a convivencia (ademais de pasalo en grande).

Levamos a cabo tamén obradoiros puntuais de cociña e de decoración en Samaín, entroido ou Nadal, dependendo do curso e este ano tamén fixemos unha xornada de Ioga en familia que tivo moi boa acollida.

O ano pasado levamos tamén unha actuación ao cole de **Circus Magnificus**, e este ano temos reservada outra sorpresa para final de curso con outra actuación que de seguro vos vai encantar.

É moito traballo, como vedes, pero as persoas que estamos na directiva da **ANPA** estamos concienciados/as en que debemos apoiar ao centro e ás familias en todo o que poidamos e así o seguiremos facendo porque coa unidade da **ANPA** acadamos mellores resultados e maior implicación por parte do conxunto da escola.

Soamente nos queda agradecer a todas as familias socias o apoio ano tras ano e, dende a directiva, prometemos seguir traballando e mellorando para poder ofertar as mellores actividades e o apoio que todos os menos e nenas necesitan para que o seu paso pola escola sexa inesquecible.



In November, three of our teachers traveled to **Huittinen (Finland)** as part of our **Erasmus** project to visit a few schools and experience the educational system there. There, **María, Fátima and Inés** could see for themselves how the Finnish educational system works, discovering new interesting techniques and materials. Also, they had time to explore the area and visit Helsinki, the capital of the city, which looked amazingly beautiful with lots of snow everywhere.

Back in our school, they shared their unforgettable experience with the rest of the teachers.

Later, in May, our sixth grade students traveled to **Montesilvano (Italy)**, as part of this year's Erasmus project, called "Proposta". There, they met new friends from the **Istituto Comprensivo Rodari** school and lived new and exciting adventures abroad. We enjoyed it so much when they came back and told us everything about their trip!



# PROPOSTA FÍSICO DEPORTIVA NO "CAMIÑO"

## "Baloncesto vintage" na radio

O curso 2022-23 continuou na liña dos anteriores. En canto a material e instalacións, puxéronse redes novas, unhas estruturas máis reforzadas en dúas das canastras e compráronse dúas bicis pequenas e uns patinetes para psicomotricidade.

Estivemos na gala do deporte recibindo unha placa por parte de **Moncho Fernández** (*adestrador ACB do Obradoiro*). Visitáronnos, entre outros, os clubs de tenis, tenis de mesa, esgrima e hochei. Tivemos un



invitado de luxo na sección radiofónica de "baloncesto vintage", **Koke Rama**, xogador retirado do baloncesto profesional que veu pasar un

ratiño do seu tempo co noso alumnado. Tamén estivemos cos nosos equipos na xa tradicional foto no multiusos fontes do sar así como no **Obraberto**, polas letras galegas.

Celebramos, entre outras, a carreira do magosto e o concurso de peóns; os campionatos de xadrez, tenis de mesa e baloncesto 3x3; fomos á piscina có alumando de 4º; un K.O. xigante, o día da bici, o descenso polo Carboeiro e a Way Cup 23.

Un ano cheo de MOVEMENTO!!!



Este ano a persoa homenaxeada polo día das Letras Galegas foi **Francisco Fernández del Riego** un escritor, intelectual e político galego que traballou na defensa da nosa cultura e a nosa lingua. Entre outras cousas foi quen iniciou a celebración do día das letras galegas o 17 de maio de 1963.

No noso colexio fixemos varias cousas para celebrar este día. Na entrada do centro houbo unha exposición sobre Francisco Fernández del Riego cunha liña do tempo e unha fotografía súa. Debaixo da liña había unha mesa



con libros dos Bolechas dedicados ás persoas homenaxeadas o día das Letras Galegas, démonos conta de que en 60 anos de historia (1963-2023) so 5 delas eran mulleres.

Tamén celebramos a **Festa das Nosas Letras**. Como Francisco Fernández del Riego foi a persoa que inventou o día das Letras Galegas algún alumnado do centro quixemos poñernos na súa pel e imaxinar a nosa festa para celebrar a lingua. Tivemos varias propostas:

Discogalega un sitio no que había música en galego para bailar e cantar, por exemplo: *Tanxueiras, Estou na lavadora, As fillas de Cassandra, Que ghallo é... Démolo todo!*

*Lend@ galeg@* onde lemos lendas e contos en galego, foi todo un éxito especialmente entre o alumnado de infantil.

Xoguetón/xoguetona un espazo de xogos en galego creados por nós do máis variado e divertido.

E o reto Presume de lingua: 5h en galego. Tratábase dun reto que consistía en falar galego durante as 5 horas da escola, as persoas que participaban recibían unha chapa pero no cartel non o poñía, entón non o sabía ninguén, todas as persoas que se anotaron

querían salvar o galego e queremos agradecer a todas esas persoas que encheron de galego o noso colexio, oxalá sexa así cada día!

Foi un día divertidísimo!



Ademais, parte do alumnado fixo a proposta: *Amor pola lingua: a semente de hoxe o froito de maña*. Na que sementaron unhas plantiñas, unha bonita iniciativa que nos recorda que sementemos a nosa lingua, o galego, para que siga viva para sempre.

**Alumnado de 4ºB**



# ECOTROPA

**Ecotropia** engloba todos aqueles aspectos do colexio que teñen relación coa natureza, tanto para o seu coñecemento como para a súa conservación. Polo tanto ao longo do curso fanse tarefas diversas neste campo:

- Dous nenos de 5º curso e dous de 6º baixan á caseta medioambiental que está no patio, para explicarlles o uso de todo o material dispoñible, aos nenos e nenas que queiran asistir durante o recreo e e que poidan desfrutar e coñecer máis o medio natural.




- No obradoiro de Ecotropia aprendemos a facer a **RCP** en casos de emerxencia, vimos algúns minerais e fósiles, tamén miramos a través de microscopios, pelos de animais, verduras... E por suposto fomos coñecer a flora e fauna do río Carboeiro.



- Tamén hai que destacar o traballo diario que se realiza dende Ecotropia para controlar e educar acerca duns correctos hábitos enerxéticos e de reciclaxe. Durante os recreos hai 2 nenos e nenas diferentes cada día, que se encargan de rexistrar aspectos como a ventilación das aulas, uso adecuado da calefacción, aforro de enerxía eléctrica...

Todo isto polo noso ben e o do planeta Terra!





En **Radio Ü** non se para. Estas son as principais novidades da túa emisora favorita.

## O máis alto do podio

Equipazo o deste ano que non perdeu detalle de todas as novidades do deporte en Oroso. Fíxose un seguimento dos equipos máis importantes do noso concello e tivemos entrevistas de categoría e invitados de categoría. **117 edicións deste programa van xa**. Celebramos o programa número 100 cun especial no que participaron moitos dos locutores/as dende que se iniciou este programa e que contou con padriños de excepción. Tivemos no estudo a **Manuel García Gendra, Koke Rama e Xoán Galán**.



## Chan, chan, chan...

Renovación no equipo que informa das novas matutinas. De luns a venres todo o que necesitas saber na para a túa xornada da man de verdadeiros/as especialistas do micro.

## Certame de entrevistas

Unha grandísima calidade nas entrevistas propostas e os/as gañadores/as puideron levalas a cabo: **Román Rodríguez, Luís Gutierrez, Carmen Alba, Ana María Fernández, Elvira Anaya e María Jesús Amado**. Foi unha mágoa non poder facer todas. **Lucas** converteuse no gañador deste ano.



## Muller tiña que ser

Todos os xoves demos un repaso a mulleres relevantes no mundo da educación, tanto históricas como mestras xubiladas ou en activo. Neste ámbito da escola a muller tivo e ten un papel determinante como puideramos comprobar.

# HORTO








Un curso máis, o alumnado do noso centro, está disfrutando da experiencia do coidado do horto. Todo o alumnado, dende infantil, ata sexto, están participando activamente no proceso de sementado, plantado e coidado. Cultivamos un pouquiño de horto e un pouquiño ornamental, equilibrando a balanza, entre cultivos aproveitables para nós, e cultivos que nos alegren a vista.

No obradoiro de **Ecotropa**, puxemos as sementes en vasos de iogur para favorecer o xerminado, despois transplátáronse a unha maceta máis grande, e unha vez acadaron un tamaño axeitado, foron para o noso horto.

Se a climatoloxía nos acompaña imos ter unha estupenda colleita de amorodos, leitugas, cenorias, tomates, pementos, cabaciñas, herbas aromáticas, porros, cebolas, cogombros... Despois tocará comelos e disfrutalos.



# Persoal CEIP Camiño Inglés



# Educación Infantil - Grupo A



Álvaro




Daniela




Ethan



Martina



Xoel



Yago




Aitana



Aroa



Mara




Pablo




Saúl



Diego



Liam



Lucas



Paula



Valentina



# Educación Infantil - Grupo B



Julia



Lucas



Mateo J.




Nara



Xiana



Amelia



Gael



Lúa



Mateo F.



Rokhaya



Xalo



Daniel




Hugo



Izan



Pablo



Paula



# Educación Infantil - Grupo C



Nico C.



Adriana



Felipe



Sofía




Khadi



Alex



Seydou



Ainhoa



Ana



Aitana



Lucas



Nico M.



Noela



Paula



Manuel



Vega



# Educación Infantil - Grupo D



Eric



Martina



Mapate



Chiara



Santiago



Naia



Cecilia



Paula



Diana



Martín



Lucca



Yaya



Marta



Matías



Sheila



Guillermo



# 1º de Educación Primaria



Breo



Estela




Alioune




Noa



Martina



Enzo



Rayan



Marcos



Brais



Xeila



Lucas



Adrián



Saliou




Sabela



Lucca



Steisy




Lía



Lucía



Xoel



Julio



## 2º de Educación Primaria



José Manuel



Antía B.



Hugo B.



Manuel



Brais



Sara



Isaac



Olivia



Lucía



Antía F.



Izan F.



Daniela G.



Noemí



Bella



Izan G.



Daniela I.



Alicia



Pablo




Óliver




Icíá



Sabela



Andrea



Lucas



Celtia



Hugo R.

# 3º de Educación Primaria



Candela



Santiago



Zaira



Xián



Martha



Óscar



Eloy



Mame



Xurxo



Iker



Noé




Laura



Cristian



Mohamed



Taha



Christian



Valeria



Inés



Adrián



Álvaro



Álex



Alejandro



Valentina



Hugo



Paula

## 4ºA de Educación Primaria



Leo



Guillermo



Daniel



Leah



Aleixo



Hugo



Xavier



Alba



Dybril



Chanel



Iago



Aldán



Simón



Paula



Noa

# 4ºB de Educación Primaria



Aarón



Iker



Hugo




Laia




Samuel



Khady



Rubén




Diego



Naia



Mario



Gabriela



Yago



Nerea



Valeria



# 5ºA de Educación Primaria



Lois



Sabela



Estela



Iván



Adriana



Nico



Antonio



Elia



Brais



Ada



Antón



Yacine



Verónica



Diego



Lucas



Mario



Daniel



# 5ºB de Educación Primaria



Abril



Matías



Elba



Pablo



Ruth



Anxo



Moisés



Ainara



Noé



Lucía L.



Antía



Óliver



Lucía P.



Carlota



Gabriel



Bernardo



Santiago



Gisela



## 6ºA de Educación Primaria



Mauro




Sara B.



Daniela



Antía



Xoel



Freddy



Pablo



Martín



Sara R.



Adrián



Aroa



Diego



Iker



Noa



## 6ºB de Educación Primaria



Enma



Telma



Nico



Andrea



Noa



Ander



Rubén



Marta



Anxo



Adriana



Cibrán



Samuel



Anabel



Minia





# Quen son estes alumnos/as?





Especial  
MULLERES NA  
EDUCACIÓN

Temporada 2



1. ÁNGELES RUIZ ROBLES
2. MARÍA JOSÉ ALONSO
3. ANTONIA FERRÍN MOREIRAS
4. MARGARITA DEL VAL
5. EMILIE SNETHLAGE
6. MARGARITA SALAS
7. MARIE CURIE
8. RITA LEVI-MONTALCINI
9. HELEN ADAMS KELLER
10. SOFÍA NOVOA
11. FRANCISCA ÁLVAREZ
12. DIANA BOQUEET
13. MARÍA DIOS RIVADEMAR
14. ISABEL CANABAL BARCO
15. MARÍA JESÚS AMADO PICO
16. ROSARIO LÓPEZ DÍAZ
17. FRANCISCA MORLÁN
18. PURA LORENZANA
19. EXERIA
20. MARÍA BARBEITO
21. ENRIQUETA OTERO
22. ELVIRA ANAYA
23. ANA MARÍA FERNÁNDEZ LOIS
24. MARÍA VICTORIA MORENO
25. CARMEN ALBA PASTOR
26. CEIP CENTIEIRAS



Radio 

# ESCOLAS

## PASADO

## PRESENTE

## FUTURO



